

## DITAME DO XURADO DO V PREMIO AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ DE LITERATURA INFANTIL E XUVENIL POLA IGUALDADE

### LOIS PÉREZ DÍAZ GAÑADOR DO V PREMIO AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ

O sábado 23 de outubro de 2021, ás 17:00 horas, reuniuse, no local do IESCHA da Casa da Cultura, o Xurado do V Premio Agustín Fernández Paz de narrativa infantil e xuvenil pola Igualdade, convocado polo Instituto de Estudos Chairegos, o Concello de Vilalba e Edicións Xerais de Galicia, e formado por D<sup>a</sup> Iria Misa Peralba, D. Manuel Bragado Rodríguez e D. Xosé Lastra Muruais. Unha vez rematada a reunión emiten o seguinte **DITAME**:

O **Xurado** acorda, por unanimidade, outorgar o **V Premio Agustín Fernández Paz de narrativa infantil e xuvenil pola igualdade** á obra titulada **A GRUTA DA TORRE** presentada baixo o lema ou seudónimo de **UN PESO SEMPRE SE GASTOU**.

Unha vez aberta a plica, resultou ser o seu autor  
**LOIS PÉREZ DÍAZ**

*O xurado salienta da obra gañadora o interese da trama que se desenvolve no verán de 1990 en Ribadeo en espazos recoñecibles así como polo seu carácter como historia de formación protagonizada por un grupo diverso de rapaces e rapazas que emprenden unha viaxe de descuberta seguindo o fío das viaxes nos libros e na memoria. Escrita con mestría, empregando diversos recursos e rexistros, a novela mantén un pulso narrativo que non decae.*



Info autor/a

### Pérez Díaz, Lois

Lois Pérez (Lugo, 1979) é mestre e contador de historias, e o centro da súa actividade artística é a narración oral e a escrita. No eido da dramaturxia, gañou en 2008 un dos premios de Teatro Radiofónico da Radio Galega, coa obra "Saltimbanqui", dirixida e adaptada por Quico Cadaval e interpretada por este canda Xan Cejudo e Xosé Olveira Pico, publicada en libro-cd (Xerais, 2008). En 2013 publicou "LP", o seu primeiro poemario, editado por Emerxente. Foi colaborador do grupo de teatro Pinchacarneiro, da Fundación Anade para persoas con diversidade funcional e ocasionalmente exerce de cronista do rock and roll para a revista "Ruta 66" e como locutor radiofónico nocturno para openradio.es. Colabora coa Sección de Literatura de Tradición Oral da AELG e no eido do ensino traballou e coordinou diferentes proxectos de innovación na normalización lingüística do galego na escola, premiados todos eles (2008, 2009, 2010 e 2011) por organismos oficiais e institucións diversas. "Long Play" (2017) é o seu primeiro libro de poemas en Xerais.

Foto

